
PROPOSTAS DE COMPOSTELA ABERTA A PARA A MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS

Setembro de 2019

Implantar medidas de progresividade fiscal desde o Concello é un reto, entre outros motivos por todas as dificultades que impón o Estado. Porén, no pasado mandato o goberno local asumiu ese reto e logrou instaurar todas as rebaixas fiscais que permite a lei. Isto significa que somos, con diferenza, a cidade galega coas bonificacións do IBI máis importantes, e na que este imposto é máis progresivo. É dicir, que paga menos quen menos ten.

Aínda así, compre continuar apostando polo equilibrio fiscal a nivel territorial, con descontos fiscais para o rural e zonas que teñen menos servizos. É importante ampliar as bonificacións que fomenten a industria e tecido empresarial produtivo e ás empresas que creen emprego digno e de calidade. Tamén compre usar as ferramentas fiscais para instaurar un gravame aos usos turísticos dos inmobles residenciais ao tempo que se bonifica o alugueiro para fomentar os usos residenciais. Unha fiscalidade verde que bonifique ás empresas verdes e sustentables. E, tamén, unhas finanzas que sirvan para o fomento da vivenda pública ao tempo que favorecen as melloras de habitabilidade.

A nosa proposta para 2020 quere continuar na liña de colocar o Concello ao servizo das maiorías sociais, para colocar as persoas primeiro e para cumprir coa obriga da administración pública de implementar unha política fiscal que se converta nun instrumento de redistribución da riqueza. En definitiva, unha proposta e uns principios fiscais baseados na progresividade, xustiza e equidade fiscal.

IBI

O imposto sobre bens inmobles (IBI) é un imposto municipal, directo, real, obxectivo, periódico e obrigatorio, que grava o valor dos bens inmobles. Están obrigados a pagar este imposto os propietarios, usufrutuarios ou concesionarios de calquera ben inmovible ou propiedade (piso, praza de garaxe, trasteiro, tenda, casa, despacho, etc...). En caso de transmisión, o novo propietario ten que pagar o imposto a partir do ano seguinte. A xestión deste imposto correspóndelle ao Concello aínda que é o Estado quen o legisla.

1. Xestión financeira e modernización

Continuar coa reestruturación da xestión financeira para establecer unha política de gastos e ingresos xusta, que centre o gasto público nas áreas que axudan a reducir as desigualdades sociais e promoven o equilibrio territorial. E implementar o pago de tributos online e de xeito fraccionado a través da modernización da administración electrónica iniciada no anterior mandato.

2. Progresividade fiscal

Mantendo o actual tipo xeral do 0,51%, facemos unha proposta de modificacións do IBI cuns principios fiscais baseados na progresividade, a xustiza e a equidade fiscal. A institución local convértese deste xeito nunha ferramenta de redistribución da riqueza a través das políticas fiscais.

2.1. Revisión do catastro no rural

Revisión á baixa da ponencia dos valores catastrais no rural de Santiago, realizada pola Dirección Xeral do Catastro (dependente do Ministerio de Facenda) no ano 2008, e que remata no ano 2019.

2.2. Baixada do IBI do rural ao 0,48 e máis bonificacións

Baixada do tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles aplicable aos bens de natureza rústica do 0,51% vixente ao 0,48% (art.1º, b)

Propónse o incremento das bonificacións contempladas na ordenanza en vigor para os bens inmóbles de natureza urbana localizados nas áreas ou zonas do concello que, conforme ao establecido na lei de Ordenación Urbanística e protección do medio rural de Galicia e no planeamento urbanístico municipal vixente, correspondan a asentamentos de poboación singularizados pola súa vinculación ou preeminencia de actividades primarias e que dispoñan dun insuficiente nivel de servizos básicos de titularidade municipal (auga, saneamento e alumeadado público). O incremento proposto é o seguinte:

- Carencia dos tres servizos básicos: bonificación conxelada no 90%
- Carencia de dous servizos básicos: suba da bonificación do 60% por cento vixente ata o 75 %
- Carencia dun servizo básico: suba da bonificación do 30% vixente ata o 50% (esta é a situación na que se atopan a maioría das vivendas obxecto de bonificacións)

2.3. Aumento do tipo ao 0,57 para os maiores valores catastrais non-residencias

Subida do tipo de gravame diferenciado para os inmóbles de natureza urbana, excluídos os de uso residencial, atendendo aos usos establecidos na normativa catastral e que só poderá aplicarse, como máximo, ao 10% dos inmóbles do termo municipal que, para cada uso, teñan maior valor catastral). O tipo de gravame pasará do 0,54% vixente ao 0,57%.

3. Fomento do tecido empresarial produtivo

En cumprimento do acordado na Mesa pola reindustrialización de Santiago e cos diferentes axentes económicos da nosa cidade propomos:

3.1. Bonificación industria da biotecnoloxía e da madeira

Ao abeiro do disposto no artigo 74.2 do Real Decreto 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, incorporárase no artigo 3º da Ordenanza Fiscal 1.01 un apartado que contemple unha bonificación do 95% do IBI para as

empresas dos sectores da biotecnoloxía e a madeira, que se teñen considerado estratéxicos para o desenvolvemento industrial de Santiago. O citado artigo sinala que:

“Os concellos mediante ordenanza poderán regular unha bonificación de até o 95 por cento da cota íntegra do imposto a favor de inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que justifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros”

3.2. Bonificación para a Cámara de Comercio

Ao abeiro do artigo 74.2 do Real Decreto 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, incorporárase no artigo 3º da Ordenanza Fiscal 1.01 un apartado que contemple unha bonificación do 95% do IBI para a Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, previo recoñecemento do seu especial interese ou utilidade municipal.

4. Gravar apartamentos turísticos e bonificar o aluguer

Mantendo a recargo para os pisos baleiros xa contemplado na ordenanza vixente, introducirase un novo recargo do 50% sobre a cota líquida do IBI sobre os bens inmobles de natureza urbana de uso residencial que se atopen destinados ao uso turístico. Ao tempo, introducirase unha bonificación de ata o 95 % na cota íntegra do imposto para os bens inmobles de uso residencial destinados ao alugueiro de vivenda con renda limitada por norma xurídica (RD 7/2019, de 1 de marzo, de medidas urxentes en materia de vivenda e alugueiro, art.74.6. Na disposición adicional segunda do mesmo RD contéplase a creación do Sistema Estatal de Índices de Referencia do Prezo do Alugueiro de Vivenda, pendente de desenvolver polo Goberno do Estado)

IAE

O imposto de actividades económicas (IAE) é un imposto directo, real e obrigatorio, que grava a realización de calquera tipo de actividade económica, tanto se é exercida por unha persoa física coma xurídica. Teñen que pagar este imposto as empresas ou entidades que obtiveron unha cifra neta de negocio igual ou superior ao millón de euros durante o penúltimo exercicio. A xestión deste imposto compártena o Concello e a Administración tributaria do Estado.

1. Incremento ata o 50% da porcentaxe de bonificación por xeración de emprego indefinido (Art.3º.2)

Propónse a modificación do artigo 3.2 da ordenanza, relativo ás bonificacións a aplicar “aos suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que teñan incrementado o promedio da súa plantilla de traballadores con contrato indefinido durante o período impositivo inmediato anterior ao da aplicación da

bonificación, en relación co período anterior a aquel”, de xeito que ditas bonificacións queden como segue:

- Incremento de plantilla de entre o 5 e o 10%: 20% de bonificación
- Incremento de plantilla de entre o 10 e o 20%: 35% de bonificación
- Incremento de plantilla de máis do 20%: 50% de bonificación

2. Bonificacións ligadas a cuestións medioambientais

Proponse a incorporación dunha nova serie de bonificacións no IAE ligadas a cuestións medioambientais, que poderían chegar a un máximo do 50 % nos seguintes casos:

- Empresas que utilicen enerxías renovables
- Actividades industriais alonxadas das zonas máis poboadas do termo municipal
- Empresas que establezan un plan de transporte para os seus traballadores/as, co obxectivo de reducir o consumo de enerxía (transporte colectivo ou compartido)

ICIO

O imposto sobre construcións, instalación e obras é un tributo municipal que os Concellos poden esixir previa aprobación da Ordenanza fiscal correspondente. O ICIO tense que pagar pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a cal se requira obter unha licenza urbanística, ou presentar unha declaración responsable ou unha comunicación previa. A xestión deste imposto é integramente municipal.

1. Incremento da bonificación para as Vivendas de Protección Autonómica (art. 8º.2)

Proponse a modificación do artigo 8º.2 da ordenanza para incrementar do 30% vixente ata o 50% a bonificación a favor das construcións, instalacións ou obras declaradas como Vivendas de Protección Autonómica polo Instituto Galego de Vivenda e Solo

2. Incremento da bonificación a favor das construcións, instalacións e obras de acondicionamento e adaptación necesarias para o acceso e habitabilidade das persoas con discapacidade (art. 8º.3)

Proponse a modificación do artigo 8º.3 da ordenanza para incrementar do 50 % vixente ata o 75% a bonificación a favor das construcións, instalacións e obras de acondicionamento e adaptación necesarias para o acceso e habitabilidade das persoas con discapacidade.

LOITA CONTRA A FRAUDE FISCAL

Reforzar o Plan de Loita contra a Fraude Fiscal impulsado no anterior mandato, centrando os esforzos da inspección fiscal nas grandes empresas e nos impostos como o IAE (Imposto de Actividades Económicas) e o ICIO (Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras).